



CCOO INFORMA

AXUDAS A PERSOAS TRABALLADORAS DO SECTOR DO ESPECTÁCULO

Quen pode solicitar a axuda?

As persoas traballadoras do sector do espectáculo que sufriron unha redución dos seus ingresos pola paralización da actividade a causa das medidas adoptadas pola covid-19.

Requisitos

— Que estivese contratada por conta allea en empresas cuxa actividade económica se encadre nos códigos 5920, 7021, 7721, 7739, 8552, 9001, 9002, 9003 e 9004, da clasificación Nacional de Actividades Económicas en centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia cumprindo a seguinte condición:

- Acreditar durante o ano 2019 un mínimo de 50 días nas empresas cos códigos CNAE sinalados e que este tempo, ademais, constitúa como mínimo o 75 % das xornadas totais traballadas nese ano.

No suposto de contratos a tempo parcial, estes computaranse proporcionalmente á súa xornada de traballo.

— Acreditar que durante o período comprendido entre o 14 de marzo de 2020 e o 13 de outubro de 2020, non estivo contratada por conta allea máis de 7 días.

Contía das axudas

A contía da subvención consistirá nunha axuda de 500 euros mensuais, durante os meses en que non se tivese recoñecida ningunha prestación pública dentro do período comprendido entre o 14 de marzo de 2020 e o 13 de outubro de 2020.

Os períodos inferiores ao mes serán rateados proporcionalmente.

Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* (14 de abril de 2021).

Presentación de solicitudes

- Presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado do anexo I dispoñible na sede electrónica da Xunta <https://sede.xunta.gal>
- O prazo máximo para que se resolva e notifique é de tres meses.

Principais obrigas das persoas beneficiarias

- Estar ao día nas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social.
- Cumprir os requisitos.

Máis información

- DOG número 69, mércores, 14 de abril de 2021:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210414/AnuncioG0599-300321-0001_gl.html
- As axudas serán incompatibles con outras axudas públicas que se percibisen para a mesma finalidade así como coa percepción da prestación por desemprego, invalidez ou xubilación ou calquera outra de carácter público durante o período comprendido entre o 14 de marzo de 2020 e o 13 de outubro de 2020.

**Secretaría de Emprego e Previsión Social
Sindicato Nacional de CCOO de Galicia**